



Competició de Lingüística d'Espanya
Competición de lingüística de España
Espainiako linguistika lehiaketa
Competición de lingüística de España

Rolda 0

OLE 2016

(Selección interna de centros)

Decembro de 2015



Instruccions

- Escribe as respostas no dossier de respostas adxunto. Este caderno pódelo utilizar para escribir anotacións, subliñar, facer garabatos e calquera cousa que necesites para resolver o problema. Só tes que entregar o dossier de respostas.
- O tempo para realizar o exame é de dúas horas.
- Criterios de corrección:
 - (A) 20 puntos
 - (B) 20 puntos
 - (C) 30 puntos
 - Total: 70 puntos

• Ánimo!
Equipo OLE

Índice

PROBLEMA	AUTOR	PÁXINA
A. Fin-alizando co fin-és*	Babette Newsome	3
B. Coa man e co pé en Murrinhpatha*	Rachel Nordlinger	4
C. Xeorxia sempre no meu corazón*	Dorottya Demszky	5

*Exercicios orixinais da Olimpíada Lingüística de Irlanda. Tradución e adaptación polo equipo organizador da OLE.



(A) Fin-alizando co fin-és

O idioma finés é falado por preto de cinco millóns de persoas en todo o mundo, principalmente en Finlandia. Está emparentado con outras linguas como o estoniano e o carelio. Unha das características gramaticais do finés radica no seu gran número de casos; as distintas formas que un substantivo pode tomar de acordo con como encaixa no significado xeral da oración.

En idiomas como o galego, preposicións como 'en' e 'de' efectúan unha función equivalente.

Por exemplo, para dicir 'en Turku', o finés usa o caso 'inesivo' do nome *Turku*, mentres que para dicir 'de Turku' úsase o xenitivo, *Turun*.

O desafío deste problema consiste en deducir as regras de formación dos casos inesivo e xenitivo. Todos os nomes que se mostran a continuación son regulares e ilustran algunhas das regras. Móstranse as traducións en galego a modo indicativo.

Guía de pronuncia:

- j pronúnciase como 'y' en *playback*.
- y é unha vogal pronunciada como *u* en francés ou *ü* en alemán: como a 'i' en *risa* pero cos beizos redondeados
- ä é unha vogal pronunciada como *ä* en alemán, un 'e' aberto e longo
- unha letra dobre indica que o son se pronuncia longo

Significado	Forma básica	Inesivo	Xenitivo
Cesta	<i>Rove</i>	<i>Ropeessa</i>	
Baño	(a)	<i>Kylvyssä</i>	
Bit	<i>Bitti</i>	<i>Bitissä</i>	
Chaqueta	<i>Takki</i>	<i>Takissa</i>	<i>Takin</i>
Alacena	(b)	<i>Kaapissa</i>	(c)
Dólar	<i>Dollari</i>	<i>Dollarissa</i>	<i>Dollarin</i>
Bosque	<i>Metsä</i>	<i>Metsässä</i>	(d)
Mango	<i>Ripa</i>	<i>Rivassa</i>	<i>Rivan</i>
Casa	<i>Talo</i>	<i>Talossa</i>	<i>Talon</i>
Biblioteca	<i>Kirjasto</i>	<i>Kirjastossa</i>	<i>Kirjaston</i>
Material	<i>Vaate</i>		<i>Vaatteen</i>
Medicina	<i>Lääke</i>	<i>Lääkkeessä</i>	
Nai	(f)	<i>Äidissä</i>	
Necesidade	(g)	<i>Tarpeessa</i>	
Rata	<i>Rotta</i>	(h)	
Pau	<i>Keppi</i>	(i)	
Rúa	<i>Katu</i>	<i>Kadussa</i>	
Pensador	(j)	<i>Älykössä</i>	<i>Älykön</i>
Turku (unha cidade de Finlandia)	<i>Turku</i>	(k)	<i>Turun</i>
Visión	<i>Näky</i>	<i>Näyssä</i>	

A1. Escribe as palabras que deberían aparecer nos ocos do (a) ao (k).



(B) Coa man e co pé en Murrinpatha

O Murrinpatha é un idioma falado por preto de 3.000 persoas no Territorio do Norte de Australia. A diferenza da maioría das linguas indíxenas de Australia, o Murrinpatha segue sendo aprendido por todos os nenos da comunidade. Ten unha serie de sons característicos, o que se mostra na ortografía como *rr*, *nh* e *th*, e usa verbos longos e complexos que poden expresar significados que noutras linguas requirirían unha frase enteira, como os que se poden ver na lista que se mostra a continuación.

Abreviaturas: [2s], [2n] e [1] significa 'dúas persoas que son irmáns/irmás', 'dúas persoas que non son irmáns/irmás' e 'unha persoa' (é dicir, 'singular'), respectivamente. Así, por exemplo, si alguén está a falar a outras dúas persoas que son irmáns/irmás, usarían a forma [2s].

manthap	Eu toqueino (coa man)
namnginthathap	Vós [2n] tocástelo (coa man)
numamkathap	Vós [2s] tocástelo (coa man)
thununganthap	Ti [1] tocáchelo (co pé)
thunungamnginthathap	Vós [2n] tocástelo (co pé)
nunungamkathap	Vós [2s] tocástelo (co pé)
thanthap	Ti [1] probáchelo (é dicir, tocáchelo coa boca)
thamnginthathap	Vós [2n] probástelo
narramkathap	Vós [2s] probástelo
namlerrkperck	Ti [1] esmagáchelo (coa man)
thunungamlerrkperck	Ti [1] esmagáchelo (co pé)
nanthap	Ti [1] tocáchelo (coa man)
mamnginthathap	Eles/as [2n] tocárono (coa man)
pumamkathap	Eles/as [2s] tocárono (coa man)
nunganthap	El/ela tocouno (co pé)
nungamnginthathap	Eles [2n] tocárono (co pé)
punnungamkathap	Eles [2s] tocárono (co pé)
danthap	El/a probouno
damnginthathap	Eles/as [2n] probárono
parramkathap	Eles/as [2s] probárono
mamlerrkperck	El/a esmagouno (coa man)
nungamlerrkperck	El/a esmagouno (co pé)
manthap	El/ela tocouno (coa man)
ngumamkathap	Nós [2s] tocámolo (coa man)
ngununganthap	Eu toqueino (co pé)
ngunungamnginthathap	Nós [2n] tocámolo (co pé)
ngunnungamkathap	Nós [2s] tocámolo (co pé)
nganthap	Eu probeino
ngamnginthathap	Nós [2n] probámolo
ngarramkathap	Nós [2s] probámolo
mamlerrkperck	Eu esmagueino (coa man)
ngunungamlerrkperck	Eu esmagueino (co pé)
mamnginthathap	Nós [2n] tocámolo (coa man)



B1. Enche os ocos na táboa que se mostra a continuación.

Murrinpatha	Galego
(a)	Tocar
(b)	Esmagar
-ngintha-	(c)
Mamkurrk	Eu raíno (coa man)
Thunungamkurrk	(d)
(e)	Nós [2n] raémolo (coa man)
(f)	Eles/as raérono (coa boca)
-thurr	Pisar sobre algo
(g)	Nós (o meu irmán e eu) pisamos sobre iso
(h)	El pisou sobre iso
Mamkamit	Eu rexeiteino (coa man)
(i)	Eu dixen non (= Eu rexeiteino coa boca)

(C) Xeorxia sempre no meu corazón

O xeorxiano (ქართული *Kartuli*) é falado por preto de catro millóns de persoas en Xeorxia, un país na costa oriental do mar Negro, ao sur das montañas do Cáucaso e antes parte da Unión Soviética. O alfabeto xeorxiano moderno leva en uso uns catro séculos. A continuación, preséntanse doce frases en xeorxiano e as súas traducións en galego. Todos os verbos nas seguintes oracións seguen un patrón regular.

კარს ვაღებ	Estou a abrir a porta
სახლს აშენებ	Ti estás construíndo unha casa
ედუარდ წერილს იღებს	Eduard está a recibir unha carta
ფარდულს ვაშენებთ	Nós estamos a construír un celeiro
საჩუქარს აღებთ	Vós estades a abrir un agasallo
ანდრია და მისი დედა პაკეტს იღებენ	Andria e a súa nai están a recibir un paquete
ხაჭაპური გავაკეთე	Fixen khachapuri ¹
კარი შეაკეთე	Ti reparaches a porta
ანდრიამ პოემა დაწერა	Andria escribiu un poema
ლევან და მე ავტომობილი შევაკეთეთ	Levan e eu reparamos o coche
სადილი გააკეთეთ	Vós fixestes a cea
ედუარდ და ეკატერინემ წერილი დაწერეს	Eduard e Ekaterinem escribiron unha carta

¹O khachapuri é un prato tradicional xeorxiano feito con pan recheo de queixo.

C1. Traduce as seguintes frases ao galego

- (a) წერილს აღებენ
- (b) კომპიუტერი შეაკეთეთ

C2. Traduce as frases seguintes ao xeorxiano

- (a) Ti estás a abrir o celeiro
- (b) Eu reparei o coche
- (c) Nós estamos a recibir a cea
- (d) Eles fixeron un agasallo